



Asociación Galega de Ensinantes de Economía en Secundaria

Señor presidente da CIUG,

En contestación ao escrito que nos envía en data 9 de xullo, referido ao escrito que esta asociación lles remitiu en data 30 de xuño, no que amosabamos a nosa disconformidade co documento no que a CIUG establece os valores de ponderación da materia de “economía da empresa” da fase específica, das probas de acceso á universidade, para a admisión a estudos universitarios de Grao do SUG.

Temos que manifestar o seguinte:

En primeiro lugar vostede indica que a CIUG viuse obrigada a publicar as devanditas ponderacións para cumprir o Real Decreto 1892 / 2008 de 14 de novembro, no que se establece que as ponderacións deben estar publicadas a comezo do curso 2009/10.

Segundo a Orde do 15 de xuño de 2009 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2009-2010, nos centros docentes sostidos con fondos públicos, o curso académico comeza o día 1 de setembro de 2009, e as clases na ESO e no bacharelato, non darán comezo hasta o día 17 de setembro.

Indica vostede tamén que *“a CIUG entendeu en todo caso que a citada publicación debería ser o antes posible, a fin de que os estudantes que estaban cursando primeiro de bacharelato puidesen elixir as materias de segundo de bacharelato con información suficiente ao respecto, e que a matrícula do estudantado de segundo de bacharelato tivo lugar a finais do mes de xuño de 2009”*.

Non entendemos esta manifestación, debido a que o documento do que falamos, onde a CIUG establece as ponderacións, chegou aos centros escolares dos que temos coñecemento, o luns 29 de xuño (en metade do proceso de matrícula). Debe coñecer vostede que o prazo de matrícula en bacharelato abriuse o xoves 25 de xuño, e se estendeu hasta o 10 de xullo. Por outra banda, o alumnado de ESO e 1º de bacharelato recibiron as súas cualificacións como máis tardar o mércores 24 de xuño (data límite), e aproveitaron

maioritariamente ese xoves e venres (25 e 26 de xuño) para formalizar a matrícula de bacharelato, e irse xa de vacación sen preocuparse de ter que achegarse ao centro educativo a semana seguinte.

A meirande parte dos alumnos e as familias, polo tanto non coñeceron da existencia deste documento da CIUG. Ademais a decisión de matricularse nun ou en outro bacharelato non se toma dun día para outro. É habitual que os xefes de estudos, e os orientadores dos centros de secundaria se reúnan cos alumnos/as de 4º da ESO e 1º de bacharelato, o último mes de clases (maio-xuño) para orientalos na súa toma de decisións, porque despois faise case imposible ter contacto con todos eles, debido a que xa están de vacacións.

O documento da CIUG non puido orientar ao alumnado de bacharelato axeitadamente, porque chegou en metade do proceso de matrícula.

Vostede manifesta tamén que *“os estudantes que este curso fixeron primeiro de bacharelato xa tiveron que elixir materias antes da publicación do Real Decreto, de xeito que o fixeron en función da normativa anterior. Nalgúns casos as materias elixidas de modalidade en primeiro curso condicionan a súa elección en segundo curso e a decisión tomouse xa con criterios de elección de titulacións”*.

Tampouco podemos estar de acordo con esta afirmación súa. Os estudantes de 1º de bacharelato souberon en todo momento que non ían ser avaliados nas probas de acceso á universidade segundo a normativa anterior (son alumnos LOE), ademais circularon borradores de posible normativa (diferente á anterior) desde hai máis dun ano. Tampouco é certo que as materias elixidas de modalidade en primeiro curso condicionan a súa elección en segundo curso, máis ben esta premisa cúmprese ao contrario:

Por exemplo, para que un alumno se poida matricular da materia de 2º de bacharelato “matemáticas aplicadas ás CC. Sociais II”, debe ter cursada e superada, a materia de 1º “matemáticas aplicadas ás CC. Sociais I”. Pola conta os alumnos que cursaron “matemáticas aplicadas ás CC. Sociais I” **NON ESTÁN OBRIGADOS A CURSAR** a mesma materia en 2º.

Un alumno que cursou a materia de “economía” en 1º, non está obrigado a cursar “economía da empresa” en 2º (*Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*)

Vostede manifesta que “na CIUG teñen traballado, neste senso, nunha solución transitoria que estableza ponderacións que non prexudiquen o estudantado, homoxénea para as tres universidades galegas e co obxectivo de facilitar a mobilidade e o traspaso do antigo sistema ao novo, de xeito que permita con mais tempo as universidades e aos responsables dos graos tomar decisión sobre as futuras ponderacións das materias de bacharelato”.

Se manifesta que necesitan tempo para tomar as decisións axeitadas. ¿Canto tempo necesitan os responsables dos graos de economía e ADE, para saber que o alumnado que cursou química, bioloxía ou física no bacharelato, non adquiriu máis competencias para cursar os referidos graos, que o alumnado que cursou “economía da empresa”.

Vostede manifesta que “Antes do cambio no Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, a persoa responsable do tema anunciou en diversos foros un posible cambio no anexo referido a adscrición de materias de bacharelato a ramas de coñecemento, feito polo que na CIUG agardaban este novo anexo, e que finalmente, a modificación do anexo publicouse no BOE do 29 de maio de 2009”. E que dado o avanzado do calendario, entenderon que o mais cauto foi traballar tendo en conta os estudos e ramas de coñecemento e as materias vinculadas as actuais vías e as materias propias de modalidade”.

Desde a data que vostede indica (29 de maio), ata o día en que remitiron o documento aos centros (29 de xuño), pasou un mes. ¿Non tiveron tempo suficiente?. ¿Canto é o prazo de cautela para a CIUG? ¿máis dun mes?.

Se nos centramos na normativa que vostede cita, o “REAL DECRETO 1892/2008, de 14 de novembro, polo que se regulan as condicións para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e os procedementos de admisión ás universidades públicas españolas”, esta establece no seu artigo 14.2, que a nota de admisión incorporará as cualificacións das materias da fase específica, no caso de que ditas materias estean adscritas á rama de coñecemento do título ao que se queira ser admitido, de acordo co anexo I.

Pois ben, no citado anexo, para a rama de coñecemento de Ciencias Sociais e Xurídicas, atópase a materia de “Economía de la empresa”, e non química, nin física, nin bioloxía.

Tamén temos que indicar que o “REAL DECRETO 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais”, establece no seu anexo II as materias básicas por rama de coñecemento. Na rama de ciencias sociais e xurídicas atópase a “economía”, en ningún caso a química, nin a física, nin a bioloxía. Por outra

banda, na rama de coñecemento da enxeñería e a arquitectura, atópase a “empresa”, motivo polo que no plan de estudos destes graos encontramos materias de carácter económico. Polo que opinamos que a materia “economía da empresa” debería ponderar con 0,2 tamén nestes graos.

A “Orde EDU/1434/2009, de 29 de maio, pola que se actualizan os anexos do Real Decreto 1892/2008, de 14 de novembro”, establece vinculada a materia de segundo de bacharelato “Economía da empresa” ás ramas de coñecemento universitarias de “Artes e humanidades”, “ciencias sociais e xurídicas”, e de “enxeñería e arquitectura”

Vostede manifesta que “os criterios que se seguiron para establecer os valores de ponderación das materias de bacharelato que se utilizaran para o calculo da cualificación da nota de acceso para admisión aos estudos de grao do sistema universitario galego **exclusivamente no curso 2010-2011** son os seguintes:

Ponderar con 0,2 as materias propias de modalidade de 2º de bacharelato que se consideraban ata agora vinculadas as vías que daban acceso ao título LRU correspondente. Ponderar con 0,1 as disciplinas propias de modalidade de 2º de bacharelato consideradas ata agora non vinculadas as vías que daban acceso ao título LRU correspondente. Ponderar con 0,0 o resto das materias de bacharelato”

Estas manifestacións non son veraces. Hasta o curso pasado (coa anterior lexislación) as vías de acceso no exame de acceso á universidade eran as seguintes:

Vía de acceso	Materias vinculadas
Vía científico técnica	Matemáticas e Física
Vía de ciencias da saúde	Bioloxía e Química
Vía de humanidades	Historia da Arte e Latín
Vía de ciencias sociais	Matemáticas Aplicadas ás CC. Sociais e Xeografía
Vía de artes	Debuxo Artístico e Historia da Arte

Como se pode observar, na vía de ciencias sociais (a vía dos graos de Economía e ADE) as materias propias de modalidade de 2º de bacharelato que se consideraban ata agora vinculadas eran: “matemáticas aplicadas ás CC. Sociais” e “xeografía”.

Física estaba na vía científico-técnica, e bioloxía e química, na vía de ciencias da saúde

Se coa manifestación anterior, vostedes consideraron que neste curso se debería dar a máxima ponderación ás materias vinculadas a calquera vía, entón temos que dicir que foron moi parciais, porque tódalas materias descritas no cadro anterior, deberían ponderar con 0,2 en tódolos graos. Pero isto non ocorre así, por exemplo no grao en historia, ou en historia da arte, en estudos de galego e español, filloxía clásica, inglés, e un longo etcétera.

Por suposto que no grao en bioloxía, física, química, e similares, non se lle asigna a máxima ponderación a materias de 2º de bacharelato tales como “latín”, xeografía” ou “debuxo artístico”, por poñer algúns exemplos.

¿Porqué esta discriminación coas materias de economía do bacharelato?. ¿Quizás teñen un menor rango para vostede?.

Para finalizar só queremos poñer de relevo que nunca diriximos ningún tipo de descalificacións, e moito menos infundadas á CIUG. Sempre fundamentamos axeitadamente as nosas aseveracións. Tampouco se poden considerar descalificacións, ao considerar “sorprendente”, “que non é de recibo”, “de difícil explicación”, e mesmo “disparatada” a maneira de actuar da CIUG nesta ocasión. Por suposto tamén que todo isto vai prexudicar enormemente ao profesorado de economía en secundaria.

Tampouco estivo no noso ánimo que este tema invadira o terreo persoal. Hasta a recepción da súa contestación, non tiñamos coñecemento de quén era o presidente da CIUG, debido a que o referido documento das ponderacións, como lle indicamos anteriormente, chegou aos centros sen data e sen asinar. Tampouco na propia páxina web da CIUG se pode identificar quén é o seu presidente.

Manifesta vostede que o presidente de AGAEDES está descalificado para representar ao profesorado de economía en secundaria. Eu como presidente teño que manifestar que quizais non sexa digno de representar a este estimable colectivo de profesionais, o meu cargo sempre está a disposición deles, e por suposto o estará na próxima asemblea que celebremos no mes de setembro, onde trataremos este tema. Por suposto, que tanto o primeiro escrito que lle enviamos, como a súa contestación, e este mesmo, está á disposición de todo o profesorado de secundaria na nosa páxina web, para que os poidan valorar, e recibiremos de bo grao tódalas opinións, ou puntualizacións que nos queiran facer chegar.

Non está no meu ánimo como presidente de AGAEDES que vostede se sinta agredido ou ofendido polas miñas palabras, sendo como é vostede profesor de química na universidade, propóñolle por un momento que se imaxine a vostede mesmo como un profesor de ensinanza medias de química, representante do seu colectivo. E que se imaxine tamén que nun momento determinado á fronte da CIUG estivera un profesor de economía, tomando unha decisión tal como a seguinte: para cursar o grao de química nas universidades galegas ponderarase con 0,2 a materia “economía da empresa” e “latín”, e con 0,1 “química”. Sinceramente ¿Cómo se sentiría?.

Pedímoslle encarecidamente que faga todo o posible para que a CIUG reconsidere esta postura e ponderen con 0,2 a materia de “economía da empresa”, tanto nos graos de economía e ADE, como nos de turismo, dereito, socioloxía, relacións laborais, ciencias da comunicación, traballo social, ademais nos graos das áreas de enxeñería e arquitectura. E pola nosa parte seremos quen de aplaudir entón a súa actuación e a do organismo ao que representa.

O Presidente da Asociación

En Ourense, a 20 de Xullo de 2009

Asdo. Francisco Javier González Álvarez